

Así pois os nichos dos patróns colocáronse na capela maior baixo arcosolios no lado do evanxeo. Son dous caixóns cubertos con tampas a xeito de leitos mortuorios con estatuas xacentes. O máis antigo é o de dona Inés de Castro, primeira esposa de Fernando de Andrade. O nicho está a par do do seu home, no mesmo muro, pero máis preto do altar, porque foi a primeira en morrer; lémbrese que antes do concilio Vaticano II o altar para celebrar a misa estaba baixo o sagrario e este estaba no retablo, no este da ábsida. Non sabemos neste caso o que había naquel tempo pois o actual é un retablo barroco de finais do século XVII ou principios do XVIII. Pode que aínda estiveran á vista as columnas e capiteis nos que descarga a bóveda de cruceiría polo este.

Na tampa represéntase a dona Inés cun libro na man. O libro é un motivo moi axeitado ó Renacemento, tempo da imprenta e do gusto polo coñecemento, máis tamén está vencellado á devoción e non deixa de ser unha ratificación de que as mulleres da nobreza sabían ler e escribir. Leva a cabeza cuberta cunha toca que remata entre a gorxa e o peito cunha talla triangular. Viste roupón e manto que presentan un pregado moi regular e que se estreitan na parte de abaixo, de xeito que case toda a figura é troncocónica. Por diante o manto é máis curto que o roupón e na parte inferior dianteira ten labrados uns ángulos de zigzag, á maneira dunha escultura románica. O roupón chega ata os pés e non ten detalles decorativos senón unha sobriedade case total, agás un pequeno debuxo polo reborde que, se cadra, tenta dar a imaxe do remate das pregas pero que estarían rematadas en falso pois, para ben ser, a labra está fóra do sitio no que lle acaería. É o mesmo erro que se repetiu anos despois na tampa do seu home, feito quizais por diferente canteiro ou pode que polo mesmo pero con anos de diferenza entre un enterramento e o outro, pois o de Fernando é posterior. Como xa vai dito, aparenta ser un erro na interpretación das pregas, xa que ven sendo a representación da unión de cada dúas posta no medio das táboas e non na xunta das pregas.

Por debaixo do peito, as mans da figura xacente de dona Inés terman dun libro que amosa a pechadura. Ten postas as palmas das mans na parte inferior e os polgares na cuberta. Da parte baixa do libro saen unhas fintas, que seguramente representan as do cinto que levaría amarrado dona Inés. Amosa tamén por baixo do manto os cabos das mangas. A figura de dona Inés leva os pés cubertos por medias dentro duns zapatos

descalzos e con plataforma. Trátase dunha figura moi compacta. Apoia a cabeza e os ombreiros sobre de dúas almofadas, como no caso de Fernando. A inferior é máis grande que a superior. Teñen en cada extremo o relevo dunha flor cunha bóla central. Levan o mesmo motivo na parte que dá á parede, pero semella máis sinxela e con relevo máis baixo. Na almofada hai unha talla con decoración en relevo con ondas entrecruzadas e máis embaixo, na parte da cabeceira, semella que hai unha inscrición ou un motivo decorativo moi plano na almofada inferior. En calquera caso non se ve ben e para opinar sería preciso ter mellor acceso.

A cara está labrada con tosquedade e ten os ollos pechados. Abeiran a cabeza dous anxos que botan as mans cara a ela, termendo cada un deles dun pequeno libro, o mesmo que no caso da estatua do seu home. O anxo da parte da parede ten rasgos faciais algo diferenciados, mais a pedra está moi gastada. Non chegan a tocar coas mans a cabeza de Inés, senón que terman de cadanseu libro entre as Palmas e os polgares. As cabezas dos anxos quedan moi metidas entre a espiña e os ombreiros, pois pola postura aparentan como se non tiveran pescozo e visten roupón con pregas. Todo iso permite considerar posible que o enterramento fose exento pois semella estar pensado para verse pola parte de atrás, pero isto non queda moi claro sen máis intervención.

A fronte do caixón ten relevos de labra tosca, o cal fai pensar que seguramente tamén os tivo o caixón do enterramento do seu home. Trátase de dous temas: o primeiro deles representa o escudo dos Lanzós e Castro, do que terman dous anxos. Os anxos teñen o altor do escudo, o canon é desproporcionado, semella que están axeonllados e os brazos e mans aparentan demasiado grandes. Non levan túnica senón dúas pezas: blusón e saia. O blusón fai unhas pregas e polo reborde leva a mesma labra que o traxe de dona Inés, co erro na interpretación da xunta das pregas.

É un sinal de integración relixiosa da familia. O escudo é o da familia de dona Inés, o seu sinal de identidade, pois cómpre lembrar que xa daquela a muller non perdía os seus apelidos polo seu casamento, senón que pola contra, herdábano os fillos, xunto cos do pai, dividindo o escudo en cuarteis. Trátase dun escudo partido, que na parte esquerda ten as cinco lanzas dos Lanzós e á dereita as seis arroelas dos Castro, o que traducimos como apelidos de dona Inés postos ó través das armas ou o que hoxe viría equivalendo a logotipos. O xeito de presentalo lembra outros relevos nos que dous anxos terman dun medallón no que está inscrito o Agnus Dei. Á dereita do escudo está un tema relixioso que é a deese, é dicir, un crucificado entre a Virxe e San Xoan, un tema moi desenvolvido

na arte gótica, máis que non resulta raro que gustara nos principios do século XVI e sen dúbida era un motivo moi axeitado para un sartego.

Os dous temas son moi diferentes, mais a impresión é que fan verdadeiramente un conxunto, quizais coa intención de visualizar en por xunto o símbolo da familia da difunta portado por anxos e mais a escea relixiosa, a representación do tema da crucifixión e polo tanto da redención.

O conxunto do caixón e mais a tampa semella estar encastado na parede, como se fose pensado para estar exento.

